

RECOMENDACIÓNS SERVIZO EMPREGO

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

**PARA INSCRIBIRSE COMO
DEMANDANTE DE EMPREGO
DURANTE A CRISE
SANITARIA COVID -19**



XUNTA
DE GALICIA



REDE DE
TÉCNICOS
DE EMPREGO
DE GALICIA



autismogALICIA

EMPREGO

Federación AUTISMO GALICIA





SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA

Que é?

O [SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA](#) é un organismo da Xunta de Galicia a través do cal se realizan as funcións de intermediación entre a oferta e a demanda de emprego.

Para que serve?

A través das Oficinas de Emprego ofrecen atención ás persoas que están buscando emprego. En [EMPREGO GALICIA](#), publícanse as ofertas de emprego e tamén información sobre cursos.

Se estás buscando un traballo ou estás interesado en formarte é moi importante que estés apuntado como demandante de emprego, desta forma, poden chamarte para realizar unha entrevista de traballo ou para inscribirte nun curso

Como me apunto?

Neste momento as oficinas de emprego están pechadas ao público como consecuencia da crise sanitaria do COVID-19, pero continúan traballando para ti e ofrecen atención telefónica e telemática para resolver os teus trámites.

De todas formas, podes inscribirte como demandante de emprego por vía telemática, a través do seguinte enlace, [CUMPRIMENTANTO O FORMULARIO DE SOLICITUDE](#).

Unha vez rexistrada a túa solicitude, a oficina de emprego contactará contigo para consultar, de ser o caso, os datos que sexan necesarios para completar a túa demanda de emprego.



Qué debo ter preparado?

- D.N.I.
- Títulos e diplomas dos estudos e cursos realizados.
- Traballos ou cursos que me interesan.



Cando teño que renovar a tarxeta de deman- dante de emprego?

A renovación da demanda de emprego é fundamental se estás buscando emprego, con carácter xeral, tes que renovar cada 3 meses. Cada vez que renoves obterás a data da seguinte renovación.

Podes renovar a demanda de forma presencial na túa oficina ou a través de internet:

[OFICINA VIRTUAL](#)

[DISPOSITIVOS MÓVILES MOBEM](#)

[PUNTOS INFORMACIÓN](#)

Neste momento, debido a crise sanitaria do COVID-19 non tes que facer a renovación, a túa renovación farase de forma automática ata o próximo 30 de xuño.



SEDE SOCIAL

Rúa Home Santo de Bonaval,74

CENTRO DE RECURSOS

Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

Info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org